



SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL DE 30 DE MAIO DE 2016

Na Casa do Concello de Ferrol, sendo as dezasete horas e cinco minutos do día arriba indicado reuniuse o Pleno da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Ferrol, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia de Jorge Juan Suárez Fernández, Alcalde de Ferrol, e a asistencia das seguintes persoas:

- Concello de Ares: Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde.
- Concello de Cedeira: Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde.
- Concello de Fene: Juventino José Trigo Rey, Alcalde.
- Concello de Mugardos: Juan Domingo de Deus Fonticoba, Alcalde.
- Concello de Narón: José Manuel Blanco Suárez, Alcalde.
- Concello de Neda: Ángel Alvariño Saavedra, alcalde de Neda.
- Concello de Valdoviño: Alberto González Fernández, Alcalde.

Asistidos polo Secretario Leopoldo Moure García, polo Interventor Accidental Fidel García Martul, e polo Xerente Luis Alcalá Baillie, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Non procede abordar este asunto polo carácter extraordinario do Pleno

2. Elaboración de Plan estratéxico da xestión de residuos na Mancomunidad Concellos da Comarca de Ferrol.

Examinado o informe do Xerente da Mancomunidad de 27 de maio de 2016 sobre a elaboración dun plan estratéxico en materia de xestión de residuos, que literalmente transcrito di:

"INFORME SOBRE A ELABORACIÓN DUN PLAN ESTRATÉXICO EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS

1. Antecedentes

O Artigo 4º dos Estatutos da Mancomunidad recolle como fins da mesma o desenvolvemento das competencias locais en materia de xestión dos residuos sólidos urbanos e outros residuos inertes.

Os antecedentes nesta materia son diversos:

- *Nos anos 1980 desenvolveuse o proxecto dunha planta de reciclaxe en Mougá, que fracasou por diversos factores relacionados coa súa complexidade e magnitude.*
- *Dende o ano 2010 a Mancomunidad aposta por proxectos e servizos en materia de xestión de residuos de menor escala aínda que interesantes dende o punto de vista económico e medioambiental.*
- *Ao abeiro dunha subvención da Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas levouse a cabo en 2010 un programa de promoción da autocompostaxe en fogares, centros de ensino e locais públicos dos nove concellos.*
- *A través da mesma convocatoria da CMATI do ano 2012 solicitouse a ampliación do programa de autocompostaxe e a compra dun punto limpo móbil e de minipuntos limpos. Finalmente só foi concedida unha subvención para o punto limpo móbil, á que se renunciou tendo en conta a insuficiencia do importe concedido e a inviabilidade da*



execución en prazo no momento da concesión.

- Dende maio de 2011 a Mancomunidade conta cun servizo de xestión de residuos voluminosos, a través do cal se afrontou a situación provocada pola suspensión do servizo que prestaba SOGAMA ata 2009, e se logrou unha redución do 40 % no prezo por tonelada entre os contratos individuais e o contrato supramunicipal, que supón un aforro de 95.000 € anuais para as arcas municipais dos concellos da Mancomunidade.*
- No ano 2013 abordouse na Mancomunidade a explotación conxunta do punto limpo construído pola CMATI no polígono industrial de Vilar do Colo, na que participarían os concellos de Fene, Cabanas, Ares e Mugardos. A través da Mancomunidade contratouse a redacción duns pregos técnicos para a licitación do servizo. Actualmente o proxecto encóntrase á espera da resolución de dúbidas xurídicas sobre a fórmula apropiada para a súa posta en marcha.*
- Ao longo dos últimos anos tamén se informou e se debateu no Pleno da Mancomunidade sobre distintas posibilidades de xestión conxunta en relación coa recollida de aceite ou a recollida de voluminosos e incluso de RSUs. Así mesmo, en sucesivas convocatorias dos "Programas de Cooperación", solicitouse a contratación dun Técnico en Medio Ambiente co cometido de analizar as posibilidades e propor iniciativas conxuntas en materia de xestión de residuos.*

En todo caso, a confluencia dos concellos en servizos conxuntos resulta difícil debido á diversidade de necesidades, fórmulas de prestación, contido de contratos, prazos de vixencia, etc., que se observa nos concellos da Mancomunidade, así como pola complexidade económica, técnica e administrativa propia do contrato de recollida de RSUs.

Recentemente a Mancomunidade iniciou o estudo das posibilidades colaboración entre concellos e financiamento europeo en materia de xestión de residuos, a partir dunha proposta aprobada polo Pleno municipal de Narón neste sentido. No Pleno de 9 de maio de 2016 acordouse celebrar un pleno extraordinario para tratar a redacción dun Plan estratéxico da xestión de residuos na Mancomunidade.

2. Obxecto do Plan Estratéxico

O obxecto do Plan Estratéxico da xestión de residuos na Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol é dispoñer dunha ferramenta técnica e obxectiva para a toma decisións e a programación consensuada a medio e longo prazo, baseada na eficiencia económica e na sustentabilidade medioambiental dos servizos e infraestruturas para a xestión de residuos susceptibles de ser compartidos polos concellos integrantes.

3. Contido do Plan Estratéxico

3.1. Diagnóstico completo e actualizado dos servizos existentes

O estudo analizará a totalidade dos servizos e procesos relativos a cada un dos tipos/liñas de residuos existentes, presentando a seguinte información:

- Custo do servizo: tanto para as administracións locais, considerando todos os factores (servizos de empresas, persoal municipal onde exista, infraestruturas, entrega na planta de SOGAMA, subvencións...), como para o cidadán.*



- *Condições e características técnicas de cada servizo/contratación.*
- *Situación administrativa de cada servizo/contratación, en particular aqueles aspectos que poidan condicionar o establecemento de servizos conxuntos (prazo de vixencia, obrigas co persoal, etc.).*
- *Avaliación medioambiental de cada servizo.*

Este apartado completárase cun cadro-resumo e un DAFO que permita ter unha visión global da situación.

3.2. Análise comparativa de casos noutras comarcas (Benchmarking)

O estudo presentará modelos configurados noutros territorios de España e Europa que permitan coñecer casos de éxito e vantaxes e inconvenientes de distintas fórmulas en relación coa cooperación entre municipios, a innovación tecnolóxica, a colaboración da cidadanía, a municipalización de servizos, etc.

3.3. Identificación de oportunidades e fórmulas para compartir servizos

O estudo debe identificar alternativas para a xestión de residuos supramunicipal tales como:

- *Creación dun sistema integral que englobe todos os servizos.*
- *Cooperación en servizos concretos ou conxuntos de servizos.*
- *Integración progresiva de servizos na xestión supramunicipal.*
- *Introdución de tecnoloxías ou sistemas innovadores.*
- *Municipalización de servizos.*
- *Creación dunha planta de reciclaxe propia.*

3.4. Análise da viabilidade de cada oportunidade/fórmula

De cada unha das alternativas descritas realizarase unha análise na que se determine e valore:

- *Aforro económico respecto ás fórmulas actuais.*
- *Beneficio medioambiental.*
- *Adaptación ás esixencias normativas actuais e futuras a nivel europeo.*
- *Viabilidade xurídica da implantación.*
- *Procedemento administrativo da implantación.*
- *Prazos requiridos e grado de complexidade administrativa*
- *Subvencións e axudas posibles.*



4. Folla de ruta

Para a contratación, redacción e aprobación do Plan Estratéxico arriba definido, propónse a seguinte folla de ruta:

- 1. Designación de técnicos municipais (3) que integrarán a comisión técnica de seguimento do proxecto.*
- 2. Solicitud de ofertas de acordo coas características indicadas a consultoras especializadas.*
- 3. Valoración de ofertas pola comisión técnica.*
- 4. Presentación de proposta de adxudicación ao Pleno da Mancomunidade.*
- 5. Compromiso do órgano competente de cada concello de financiamento da achega correspondente ao contrato, establecida en proporción á poboación.*
- 6. Adxudicación do contrato.*
- 7. Designación de interlocutor principal e interlocutores específicos de cada concello que colaborarán coa empresa consultora facilitando a información e documentación que sexa precisa para a redacción do documento e formulando as propostas consideren oportunas (concelleiro da área, enxeñeiro municipal, funcionarios habilitados...)*
- 8. Presentación de documento á comisión técnica, que o aprobará en canto á súa calidade técnica ou requirirá as correccións ou aclaracións que procedan.*
- 9. Presentación do Plan Estratéxico ao Pleno da Mancomunidade, que o aprobará de forma directa ou mediante os procesos de revisión, consulta e emenda oportunos.*
- 10. Presentación pública e publicación do documento.*

*Ferrol, 27 de maio de 2016,
O Xerente da Mancomunidade,*

Asdo.: Luis Alcalá Baillie"

As persoas asistentes acordan por unanimidade:

1. Crear unha comisión técnica co obxecto de redactar os pregos de prescricións técnicas para a contratación do servizo de elaboración de dito plan estratéxico.
2. A comisión estará integrada por un técnico designado polo concello de Fene, un técnico designado polo concello de Ferrol, e un técnico designado polo concello de Narón.

3. Vías de financiamento de proxectos en materia de xestión de residuos.

O xerente informa da reunión mantida coa empresa VALORA segundo o acordado polo Pleno na sesión anterior e da consulta realizada á Xunta sobre a posibilidade empregar o Fondo de Compensación Ambiental para o financiamento do estudo.



4. Servizo compartido de casa de acollida.

Tendo en conta que os puntos seguintes non afectan aos concellos de Cedeira e Valvodiño, as persoas asistentes acordan adiantar o tratamento deste asunto dentro da orde do día para permitir que os representantes destes concellos poidan ausentarse.

Os membros do pleno deliberan sobre viabilidade da aprobación por cada un dos concellos do convenio para a mellora mancomunada do servizo de casa de acollida, concluíndo que debe continuarse a tramitación segundo o acordado o 11 de abril pola Mancomunidade.

5. Pregos de xestión da EDAR de Cabo Prioriño e sistemas de colectores-interceptores das marxes norte e sur da Ría de Ferrol.

Delibérase sobre o borrador de pregos remitido a todos os membros do Pleno e acórdase estudar a colaboración con EMALCSA para a definición do sistema mancomunado.

6. Vías de financiamento en materia de abastecemento de auga e tratamento de augas residuais.

Non se tratou este asunto.

7. Rogos e preguntas.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia declara levantada a sesión, sendo as dezaioito horas, de todo o que, como Secretario, DOU FE.

O Presidente da Mancomunidade

Asdo: Jorge Juan Suárez Fernández

O Secretario da Mancomunidade

Asdo: Leopoldo Moure García